

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO DO 19.12.2017

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 10.05 h do 19.12.2017, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria urxente convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bétoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria accidental:

Carmen López Villar

Interventora:

Iria Luisa Díaz Gavela

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión**

De seguido intervén o alcalde para dicir que a urxencia vén motivada porque mañá finaliza o prazo para a presentación do POS+ 2018 e precísase ter cando menos 24 ou 48 h para poder presentar toda a documentación e poder deixar todo listo cara mañá.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que o seu grupo se vai votar a urxencia para dar a maioría suficiente para que o POS+ 2018 saia adiante. A urxencia vén dada porque mañá é o último día, pero todos saben que o plan de obras foi aprobado pola Deputación Provincial no último pleno do mes de outubro e hoxe é 20 de decembro. A urxencia vén dada pola incompetencia e falla de traballo deste goberno, que como sempre vén tarde, mal e a rastro. Lembra as intervencións de cando o partido Popular estaba no goberno e non convocaban os Plenos coa premura que se convocou este nin estaban tan esgotados os prazos, pero tiveron que aguantar carros e carretas do BNG, que lles chamou a atención e tratoulles de incompetentes e demais. Remata dicindo que é unha pena.

De seguido intervén o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu grupo tamén dará o voto mínimo para a urxencia para que o POS+ se poida tramitar. Entende que hoxe chegan aquí con urxencia porque alguén non fixo o seu traballo. Non quere lembrar casos doutras lexislaturas pero remítese a este ano cando o conxunto dos partidos da Corporación chegaron a un acordo no 2017 que se ratificou na Comisión, respecto dos proxectos de obras de execución preferente para 2017, e que despois asinaron nun papel, aínda que no papel só están as sinaturas de tres dos catro partidos políticos, pero que é unha maioría cualificada da Corporación. O acordo foi de febreiro de 2017 e establecía que no seguinte mes se terían que encargar xa os proxectos. Se o conxunto dos proxectos se tivesen encargados en febreiro, probablemente esta discusión se podería ter, incluso antes do verán e incluso o poderían ter aprobado nun Pleno ordinario. Por iso di que a urxencia é responsabilidade de quen lle correspondía facer os proxectos. A responsabilidade é totalmente do goberno e por responsabilidade coas veciñas e veciños de Fene, o seu grupo limitarase a dar o apoio mínimo e imprescindible para que a urxencia saia adiante.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal Somos Fene, César Daniel Castro García, que di que a pesar das eivas en tempo e forma na elaboración deste plan facilitará a aprobación da urxencia.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que votará a favor.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo municipal do BNG, Alejandra Permuy Meizoso, que di que o seu grupo votará a favor.

**Sometida a urxencia a votación é ratificada por maioría absoluta de 9 votos a favor (4 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal do Popular, 1 do grupo municipal Socialista, 1 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo Mixto municipal) e 8 abstencións (5 do grupo municipal do Popular, 2 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene).**

## **2. Aprobación, se procede, do expediente do POS+ 2018 da Deputación Provincial da Coruña**

Consta no expediente a seguinte Proposta da alcaldía do 18.02.2017, que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio do 19.12.2016 por 5 votos a favor, (2 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo Mixto municipal) e 3 abstencións (2 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal Socialista):

### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativo ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018, no que consta entre outra documentación:

1 Proxecto de obra “Proxecto construtivo de reforzo de firme con M.B.Q. nas rúas Peirao e Hortelá (Perlío)” asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira, de decembro de 2017 (RXE.9061/05.12.2017). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado 11.12.2017.

2 Proxecto de obra “Reforzo de firme con M.B.Q. na rúa Xunqueira e acondicionamento de beirarrúas na Avda. Marqués de Figueroa – marxe esquerdo (Perlío)” asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira, de decembro de 2017 (RXE.9060/05.12.2017). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado o 11.12.2017.

3 Proxecto de obra “Pavimentación e dotación de servizos de abastecemento e saneamento nas rúas Coto Pequeno e Penela (Limodre)” asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira, de decembro de 2017 (RXE.9157/12.12.2017). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado o 12.12.2017.

4 Proxecto de obra “Renovación de tubaxes de abastecemento no cruce da Avda. das Pías coa avda. Marqués de Figueroa ata a rúa do Sartego” asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira, de decembro de 2017 (RXE.9062/05.12.2017). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado o 11.11.2017.

5 Proxecto de obra “Reforma da pista polideportiva de San Valentín” asinado polo enxeñeiro industrial, Juan Leira González (RXE. 9289/15.12.2017). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado o 15.12.2017.

6 Proxecto de obra “Reurbanización dos bloques II e V en San Valentín e reforzo do firme na Avenida da Cooperación” asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira, de xullo de 2017 (RXE.6564/25.08.2017). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado o 20.11.2017.

7 Proxecto de obra “Mellora dos parques infantís a Xunqueira (San Valentín), Río Cádavo (Fene), Peirao de Barallobre e Curros Enríquez (Maniños)” asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e

portos, Antonio J. Durán Maciñeira, de febreiro de 2016 (RXE. 9216 /13.12.2017). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado o 13.12.2017.

8 Os correspondentes informes dos servizos técnicos municipais e xurídicos sobre os proxectos meritados.

Logo de ver que o prazo de finalización da solicitude do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)-POS+ 2018 remata o 20 de decembro do 2017, propónse que o Pleno do Concello ACORDE:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores		15.159,30 €	15.159,30 €
Subtotal pago a provedores		15.159,30 €	15.159,30 €

B ) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	262.012,25 €
Subtotal gasto corrente	262.012,25 €

C ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
-	-	-	-
Subtotal investimentos achega provincial 2018	-	-	-

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos "financeiramente sostibles")	Financiamento do investimento			
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Reforzo de firme con M.B.Q. na rúa Xunqueira e acondicionamento de beirarrúas na Avda. Marqués de Figueroa - marxe esquerdo (Perlío)	453	94.827,83 €	-	94.827,83 €
Proxecto construtivo de reforzo de firme con M.B.Q. nas rúas Peirao e Hortelá (Perlío)	453	101.628,35 €	-	101.628,35 €
Pavimentación e dotación de servizos de abastecemento e saneamento nas rúas Coto Pequeno e Penela (Limodre)	453	75.485,72 €	4.534,04 €	80.019,76 €
Subtotal investimentos achega provincial 2017		271.941,90 €	4.534,04 €	276.475,94 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
	Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello
Reforma da pista polideportiva de San Valentin	76.723,78 €	-	76.723,78 €
Renovación de tubaxes de abastecemento no cruce da Avda. das Pías coa avda. Marqués de Figueroa ata a rúa do Sartego	142.038,94 €	-	142.038,94 €
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2018</b>	<b>218.762,72 €</b>		<b>218.762,72 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
-	-
<b>Subtotal redacción proxectos</b>	<b>-</b>

E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
-	-
<b>Subtotal achega municipal 2018</b>	<b>-</b>

Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017		Deputación
Denominación	Grupo de programa	
-	-	-
<b>Subtotal achega municipal 2017</b>		<b>-</b>

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
BBVA	0182624489546466969	27.030, 92 €
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>27.030, 92 €</b>

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	-		-
	Achega 2018	15.159,30 €		15.159,30 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	262.012,25 €		262.012,25 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2018	-	-	-
	Achega 2017	271.941,90 €	4.534,04 €	276.475,94 €
	Préstamo 2018	218.762,72 €	-	218.762,72 €

D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	-		-
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	-		-
	Achega 2017	-		-
F- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	27.030,92 €		27.030,92 €
TOTAL	Achega 2018	277.171,55 €	-	277.171,55 €
	Achega 2017	271.941,90 €	4.534,04 €	276.475,94 €
	Préstamo 2018	245.793,64 €	-	245.793,64 €
	TOTAL	794.907,09 €	4.534,04 €	799.441,13 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Reurbanización dos bloques II e V en San Valentín e reforzo do firme na Avenida da Cooperación	453	170.627,85 €
Mellora dos parques infantís a Xunqueira (San Valentín), Río Cádavo (Fene), Peirao de Barallobre e Curros Enríquez (Maniños)	171	68.010,09 €
<b>TOTAIS</b>		<b>238.637,94 €</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, salvo as excepcións sinaladas nos informes técnico-xurídicos de cada un dos proxectos.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Abre o debate o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que di que presentan este POS+ 2018, seguindo aquel documento asinado que sinalou o voceiro do grupo municipal Socialista,

presentando proxectos que constan naquel documento, agás a obra que se solicitou despois que é a obra do cruce de Fene, que se considerou máis importante.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que lle chama a atención a facilidade que tivo a oposición para que este plan provincial puidera estar lista non hoxe, penúltimo día do prazo para a súa presentación. Como dixo o voceiro do grupo municipal Socialista hai un documento asinado por unha maioría moi importante e cualificada deste Pleno dende o ano pasado. Parécelle mentira que hoxe se veña ratificar a urxencia alegando que mañá é o último día, cando houbo todo un ano para solicitar, ver e estudar estes proxectos, para melloralos e incluso para darlles tempo aos servizos xurídicos e económicos a facer as cousas con tempo. Non se fixo nada disto, houbo un "pasotismo" total e absoluto, contando coa boa vontade de toda a oposición. Algún membro do goberno dixo que este documento non lle "concierne" porque hai unhas pistas de padel o que cualifica de ousadía, desprezo e un xeito malo de facer as cousas, e pregunta, se as pistas de padel son un cáncer para o Concello cando se lle pode facer un campo de fútbol ao Perlío ou ao Maniños?. Di que o padel non procede porque debe ser que é de ricos e un deporte elitista, o cal demostra o descoñecemento total e absoluto que se ten. O grave de todo isto é que non se asinou o documento, precisamente por isto, pero logo, por outro lado, non houbo ningunha proposta, cando está a falar de que tamén é goberno. Ademais, as propostas que se fixeron aínda viñeron mal, xa que se non é pola intervención da oposición, onte, a pista polideportiva de Centieiras en Perlío quedaría sen cubrir. Di que isto podería ter sido unha proposta do goberno, dicindo que tiña cartos na caixa e complementando este POS+ para que esta obra non se caese, pero tampouco tivo esa iniciativa, o cal demostra unha deixadez que non se comprende. Logo, sabendo que no Concello aínda hai un número importante de abastecemento e saneamento sen facer, o goberno presentou con fogos de artificio proxectos como o da área recreativa de San Valentín e adecuación do río Cádavo. Pensa que xa hai algún tempo, cando tiveron algunha reunión, falouse das redes de saneamento de Buio, da Festa do Cabalo de Magalofes, da segunda fase do Feal e dalgún outro que queda pendente por Barallobre e Maniños, pero ninguén se preocupou de nada e agora preséntase este plan, que grazas á xenerosidade da oposición vai saír adiante, pero é vergoñento que se chegue a hoxe con este panorama a este Pleno. O seu partido vai facilitar a aprobación deste plan só co seu voto a favor, o voto do seu voceiro.

De seguido intervén o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que facendo un pouco de historia hai que partir do proxecto de obras de execución do 2017, que segundo dixo o concelleiro de Urbanismo, esta proposta vén daquel documento, que lembra que na Comisión aprobaron os cinco partidos políticos desta Corporación e, que a petición do seu partido logo pediron que se asinase nun papel, que logo só asinaron tres grupos. O compromiso do documento era que se desenvolveran todos os proxectos, que se trataran de artellar, ben por achegas de convenios coa Deputación ou con orzamento propio, todas as obras que fosen posibles e as que non que se inclúsen neste POS+ 2018. O certo é que este Plan preséntase con oito proxectos sobre os que se pode discutir, xa que dos outros cinco aínda non hai nin proxectos nin as xestións que implican, como a negociación con outras administracións ou cesións de terreos pertinentes. Sobre a pista de Centieiras que apoiou a oposición, posibilitando a incorporación de fondos ao gasto corrente para que posibilitase que haxa máis marxe no orzamento para poder facer a obra con fondos propios, non se pode discutir se se incorporará no plan ou non porque o importe é superior a calquera dos planes que compoñen o POS+. Isto é unha responsabilidade do goberno, porque o goberno si sabía cales eran as cantidades de cada un dos plans e este proxecto viáse que ía superar claramente a contía polo que se podía ter preparado a súa execución en dúas fases e hoxe poderíase ter chegado aquí, cando menos, para aprobar esa primeira fase ou incluír as dúas fases, unha en cada plan, como se ten feito noutros Concellos. Por tanto, hai proxectos que non se fan por responsabilidade do goberno municipal e por tanto, a opción a escoller xa non é posible. Por outro lado, atópase co incumprimento do acordo asinado que apoiou o conxunto do goberno e que asinou o grupo maioritario do goberno, o BNG. O seu grupo vai facer un apoio medido ás obras porque boa parte delas son a proposta seu partido, algunha delas deste plan de execución preferente e outras as presentadas para este POS+ 2017 xunto o resto da oposición, nun relatorio de máis de trinta obras para facer en Fene. O proxecto que se presentou como estrela o venres e o sábado nos medios de comunicación foi o proxecto de adecuación medioambiental, peonil e de seguridade no río Cádavo, e o alcalde confirmoulles que se cae do plan por deficiencias no proxecto que, segundo os informes, xa levaba meses no Concello. Isto parécelle increíble, que o proxecto que presentaron como estrela o sábado nos medios de comunicación o luns apareza estrelado, o que demostra a capacidade de xestión deste goberno, que nin sequera coas súas preferencias é quen de levalas a bo termino. Na proposta do POS+ 2018 hai ausencias notables de investimento no territorio, así Magalofes, Sillobre, Barallobre ou Maniños non teñen ningún investimento, a metade do Concello non existe. Se o goberno fose

dilixente na execución do acordo de proxectos de obras preferentes poderíase ter obras implementadas e incluso podería ter sitio algunha obra desas parroquias de xeito que houbo un desenvolvemento de servizos á cidadanía máis harmonizado entre as distintas parroquias, o cal evidencia unha improvisación, aínda entendendo que pode haber algunha cousa urxente ou que xorde e que é preciso abordar, e facer algunha excepción respecto dos acordos, pero non se pode vir a última hora, saltándose os acordos coa oposición e enriba cun proxecto POS+ que inclúe proxectos con notables deficiencias. Dentro do pouco tempo que tiveron, o seu grupo atopou cousas que lle gustaría que o goberno se comprometese a emendar. No proxecto dos bloques II a V de San Valentín, hai intervencións nos bloques I, II, III, V e VI, non se corresponde co título. Tamén notou unha ausencia, que é un problema de vello en moitos dos bloques xa arranxados que houbo que solucionar en execución de obra e estaría ben telo aprendido para solucionalo xa no proxecto, que é que hai arquetas nos bloques V e VI que están dentro dos edificios e que se deberían sacar fóra. Di que isto non o veu no proxecto e se isto é así, rógalle ao goberno que se comprometa a que isto se faga en obra ou se artelle administrativamente para facelo, para que non se faga a reposición da beirarrúa sen facer estas adecuacións, que como saben son urxentes porque nos últimos dous anos xa houbo algún atasco. O proxecto que inclúe a rúa de Coto Pequeno é unha petición na que se vén traballando dende o inicio da lexislatura segundo a petición dos veciños e a asociación de Limodre, pero é preciso a intervención de disciplinas urbanísticas e acadar cesións para poder facer o camiño coa anchura prevista no plan. O proxecto límitase a unha primeira fase do trazado que está libre. Chegados aquí e sen marxe de tempo para corrixir os proxectos e facer as xestións oportunas van apoiar que se faga, pero queren o compromiso, cando menos, de que as accións de disciplina urbanística para librar o terreo público dese camiño e que están agora mesmo ocupados, se inicien logo deste Pleno para que non se consolide ningunha ocupación de terreo público por unha intervención que pensa que foi mal planificada, aínda que sexa necesaria segundo o que propuxeron no documento asinado por todos os grupos. Respecto dos parques infantís di que incorporábase o parque infantil de Maniños ás obras preferentes do 2017, o que lle parece ben, pero hai algunhas intervencións sobre as que ten dúbidas. Hai algún tempo houbo un accidente dun rapaz no parque do río Cádavo que tivo a súa orixe no chan que hai instalado, en canto que pode cumprir a normativa, pero o escaso e deficiente mantemento deu problemas contiguos. Tamén se pode mellorar substancialmente a varanda perimetral, que na súa opinión cumpre a normativa. Respecto disto, en agosto de 2016 xa había un proxecto de reforma dese parque que quedouse en informar, na previsión de aquel mesmo ano se cambiaría o firme por outro, pero o goberno non fixo nada, o tiveron paralizado dende aquela e hoxe, logo deste último accidente, tampouco se abordan estes cambios da varanda xunto os cambios que se propoñen no chan. Vota en falta a xestión do goberno neste plan, non puideron discutir nada da pista de Centieiras, como dixo antes. Non tiveron dilixencia respecto do proxecto da Porta do Sol, no que era preciso unha negociación previa con Fomento para desenvolverlo xa que o fixeron tarde, mal e a rastro, e o goberno presentoulles á oposición a desculpa de que xa non daba tempo para nada. Quedouse fóra tamén un investimento pequeno en Barallobre, na Volta do Ramo, do que o goberno presentou a desculpa de que non había terreos dispoñibles, cousa que é medio verdade, xa que hai unha cesión feita nun documento privado, polo menos dun no que é un 80% do investimento, e só bastaba con pasar a cesión a escritura pública para que se puidese facer a obra, pero o goberno non fixo as xestións. Di que o grupo municipal Socialista consultou como estaba a situación dos terreos e falon cos veciños, que non teñen problema en custear as escrituras, sempre que haxa colaboración do Concello. Di que esta é unha intervención pequena que completa un vial que debía estar completado hai moito tempo, e non lle parece de recibo que por falla de xestión hoxe non poida estar aquí e que, en todo caso, non estea nos seguintes investimentos que faga o Concello, ben sexa vía remanente de cartos de anos anteriores ou no seguinte plan que teñan. Con todas estas deficiencias e, se houbo un tempo razoable, probablemente votarían en contra pero o problema é que se presentan os proxectos a última hora, cando xa non se poden corrixir. O mércores, agás o proxecto de San Valentín que o presentaron con máis tempo, non había tempo material para reformar os proxectos, informalos e presentalos ante o Pleno, non había tempo de nada e, dos proxectos que se presentan aínda menos mal que só se caeu un, porque se chega caer algún máis igual non hai proxectos para presentar no POS+. Dille ao goberno que non se pode traballar así e hoxe para isto, o goberno non ten desculpa, xa que dende marzo tiñan que estar traballando nos proxectos e, non é de recibo que hoxe aínda haxa proxectos sen facer. Quere que conste en acta que cando se trata de facilitar o traballo para a oposición, o mércores falon de que se puidera facilitar copia dixital dos proxectos, é certo que se comentou que igual por problemas técnicos ou por se os arquivos pesaban moito non se podía facer, pero dille ao concelleiro de Urbanismo, e solicita que conste na acta, que non o pode crer que non poidan ter acceso aos proxectos en pdf, xa que el tamén foi concelleiro de Obras e tamén traballou coa mesma enxeñería coa que fixeron a maioría dos proxectos e, á vez que lle pasaban os proxectos ao Concello para informalos previamente, tamén llos poderían ter achegados en pdf, por tanto, cunha sinxela

orde ao provedor para que llos achegasen os poderían ter. Por tanto se o goberno quere de verdade, facilitar o acceso da información á oposición pode facelo. Non lle pide ao concelleiro de Obras que hoxe faga ningunha desculpa pública, que debería, pero pediríalle que isto non volva pasar e isto non lle custa ningún esforzo a maiores a ningún funcionario, só sería preciso darlle á orde ao provedor para que llos achegasen á oposición cando considerasen convinte. En todo caso, atópanse cunha proposta que chega tarde, mal e a rastro, que é certo que inclúen algunhas propostas que o partido Socialista entende como prioritarias, unha proposta sobre a que practicamente non se pode debater de nada porque os proxectos presentáronse a última hora e a marxe foi inexistente. Púidose facer o esforzo de deixar sementado o camiño para que o pavillón de Centieiras se puidera facer e non houbo máis marxe, porque o goberno, coa súa ineficacia non o deu. Por tanto o partido Socialista vai dar un apoio testimonial deste plan co seu voto e o resto do grupo absterase en protesta duns proxectos que son, na súa redacción, francamente mellorables, en cuestións ademais de todos coñecidas, e en protesta do cumprimento que o propio goberno tiña e dos tempos de debate e de execución desta proposta do POS+ 2018.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal Somos Fene, César Daniel Castro García, que di que a pesar do acordo para o proceso de elaboración do POS+ 2018 vai facilitar a súa aprobación, de tal xeito que un concelleiro votará a favor e outro absterase. O desacordo sintetízase en tres argumentos, un é o incumprimento de acordo de toda a Corporación do plan político de obras do 2017; o segundo é que hai varias obras que non poden ir por falla de xestión, houbo un desacordo parcial das obras presentadas na súa primeira instancia, sobre todo na obra de cubrición da pista de Centieiras, que pensa que contaba cun amplo acordo da Corporación para a súa inclusión e que a falla de xestión do goberno provocou a súa desestimación; o terceiro é o desequilibrio entre as parroquias, pois hai catro parroquias que non aparecen, unha eiva bastante importante e que nun futuro, a curto prazo, ten que emendarse dalgún xeito, tendo en conta as posibilidades económicas que ten Fene, que pensa que son bastante boas.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo Mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que remítese ao manifestado na Comisión e anuncia que votará a favor.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que fíxolle unha petición ao goberno e gustaríalle que o que se dixo en privado se poida dicir en público para que conste en acta, concretamente no tema das arquetas de San Valentín gustaríalle que o concelleiro lle dese a súa opinión, xa que no proxecto non viu ningunha actuación, por iso tería que haber o compromiso de obra ou a fórmula administrativa que se entenda oportuna e saber se está disposto a que isto se emende ou non. Asemade tamén quere que conste en acta, respecto do parque do río Cádavo, que o concelleiro lle contestase algo en relación á varanda e se haberá o compromiso desta intervención, que pensa que é pequena. Respecto do Coto Pequeno gustaríalle que se comprometera, tal e como se falou na Xunta de Voceiros co alcalde, é dicir, se o goberno ten o compromiso de que rematado hoxe este POS+ se van iniciar as accións de disciplina urbanística precisas para librar a ocupación privada do espazo público do cacho de camiño que está ocupado. A pista polideportiva de Centieiras, segundo xa ten dito na Comisión ou na Xunta de Voceiros, no 2015 houbo unha xuntanza na que daquela asistiu a concelleira de Educación, Amalia Garcia Balado, co delegado territorial de Educación, no que se acadou o compromiso de facer o proxecto para esta pista no 2016 e executalo no 2017-2018. O grupo Socialista presentou estas emendas no Parlamento de Galicia o exercicio pasado e neste e as dúas foron rexeitadas. Non obstante, o seu partido pasa a apoiar a cubrición da pista pero entende que tamén hai que negociar coa Consellería de Educación no sentido de que se o Concello fai esta obra, deberá haber o compromiso de investimentos complementarios, xa que naquel momento o acordo foi que o Concello debía facer determinadas intervencións, entre elas o proxecto que aínda está pendente de execución xa que aínda está nos proxectos complementarios do 2017 para o arranxo dos desprendementos da fachada de San Valentín, do que se podería discutir se esta obra lle tocaba ao Concello ou á Consellería, pero o Concello asumiu este investimento porque a Consellería asumía, entre outros, o de Centieiras, as fiestras de San Valentín, do Ramo e outras actuacións. Por iso di que se Fene asume unha obra máis tamén haberá que ir dicirlle á Consellería que o Concello está a cumprir coa súa parte, que vai facer máis do que lle toca e que a Consellería tamén lle toca poñer a súa parte, xa que son investimentos importantes e hai nenos que pasan frío por culpa destas fiestras. Remata rogando que se lle contestes a estas cuestións.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que respecto do parque, se é algo pequeno arranxarase cos medios municipais e arranxarase ese pequeno problema de seguridade que sinalou. En canto as arquetas de San Valentín di que o Concello comprométese a facer o que lle



corresponde, evidentemente sacar as arquetas dun edificio privado non o vai facer o Concello xa que é unha actuación que ten que decidir a Comunidade e ver como solucionan a instalación interna do edificio, non obstante, na parte exterior o Concello comprométese a facer as intervencións e xestións oportunas. Respecto da obra no Coto Pequeno o Concello tamén se compromete ao tema urbanístico. Por último, di que irán petar na porta da Consellería para que realice outras xestións nos centros escolares.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que é certo que hai intervencións que son privadas, pero esta é unha intervención que hai que coordinar e o que lle pediu non é que o Concello faga as obras privadas, pediulle que a iniciativa de coordinar estes traballos as asuma o Concello, pois é quen sabe cando se vai comezar a urbanizar e a coordinación correspóndelle ao Concello para que as obras se fagan previa ou simultaneamente, pois ninguén pensa en facer a urbanización e logo que veñan os veciños furar novamente para sacar as acometidas fóra.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Popular, Gumersindo Pedro Galego Feal, que apunta que o que se pide xa se fixo nas demais intervencións que se fixeron nos bloques.

**Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 8 votos a favor (4 do grupo municipal do BNG, 1 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal Socialista, 1 do grupo municipal Somos Fene e 1 do grupo Mixto municipal) e 9 abstencións (6 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal Socialista e 1 do grupo municipal Somos Fene).**

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda, por unanimidade:

**1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":**

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores		15.159,30 €	15.159,30 €
<b>Subtotal pago a provedores</b>		<b>15.159,30 €</b>	<b>15.159,30 €</b>

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	262.012,25 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>262.012,25 €</b>

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2018 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
-	-	-	-
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos "financeiramente sostibles") Denominación da obra ou Grupo de	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total

subministración	programa			
Reforzo de firme con M.B.Q. na rúa Xunqueira e acondicionamento de beirarrúas na Avda. Marqués de Figueroa – marxe esquerdo (Perlió)	453	94.827,83 €	-	94.827,83 €
Proxecto construtivo de reforzo de firme con M.B.Q. nas rúas Peirao e Hortelá (Perlió)	453	101.628,35 €	-	101.628,35 €
Pavimentación e dotación de servizos de abastecemento e saneamento nas rúas Coto Pequeno e Penela (Limodre)	453	75.485,72 €	4.534,04 €	80.019,76 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>		<b>271.941,90 €</b>	<b>4.534,04 €</b>	<b>276.475,94 €</b>

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
	Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello
Reforma da pista polideportiva de San Valentin	76.723,78 €	-	76.723,78 €
Renovación de tubaxes de abastecemento no cruce da Avda. das Pías coa avda. Marqués de Figueroa ata a rúa do Sartego	142.038,94 €	-	142.038,94 €
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2018</b>	<b>218.762,72 €</b>		<b>218.762,72 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:**

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
-	-
<b>Subtotal redacción proxectos</b>	<b>-</b>

**E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:**

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
-	-
<b>Subtotal achega municipal 2018</b>	<b>-</b>

Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017	Deputación
Denominación	Grupo de programa
-	-
<b>Subtotal achega municipal 2017</b>	<b>-</b>

**F) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da

		<b>débeda</b>
<b>BBVA</b>	<b>0182624489546466969</b>	<b>27.030, 92 €</b>
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>27.030, 92 €</b>

**G) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	<b>Achega 2017</b>	-		-
	<b>Achega 2018</b>	<b>15.159,30 €</b>		<b>15.159,30 €</b>
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2018</b>	<b>262.012,25 €</b>		<b>262.012,25 €</b>
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2018</b>	-	-	-
	<b>Achega 2017</b>	<b>271.941,90 €</b>	<b>4.534,04 €</b>	<b>276.475,94 €</b>
	<b>Préstamo 2018</b>	<b>218.762,72 €</b>	-	<b>218.762,72 €</b>
<b>D- HONORARIOS REDACCIÓN</b>	<b>Achega 2018</b>	-		-
<b>E- ACHEGAS MUNICIPAIS</b>	<b>Achega 2018</b>	-		-
	<b>Achega 2017</b>	-		-
<b>F- REDUCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2018</b>	<b>27.030,92 €</b>		<b>27.030,92 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2018</b>	<b>277.171,55 €</b>	-	<b>277.171,55 €</b>
	<b>Achega 2017</b>	<b>271.941,90 €</b>	<b>4.534,04 €</b>	<b>276.475,94 €</b>
	<b>Préstamo 2018</b>	<b>245.793,64 €</b>	-	<b>245.793,64 €</b>
	<b>TOTAL</b>	<b>794.907,09 €</b>	<b>4.534,04 €</b>	<b>799.441,13 €</b>

**2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:**

Denominación dos investimentos "financeiramente sostibles" (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Reurbanización dos bloques II e V en San Valentín e reforzo do firme na Avenida da Cooperación	453	170.627,85 €
Mellora dos parques infantís a Xunqueira (San Valentín), Río Cádavo (Fene), Peirao de Barallobre e Curros Enríquez (Maniños)	171	68.010,09 €
<b>TOTAIS</b>		<b>238.637,94 €</b>

**3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e**

**autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, salvo as excepcións sinaladas nos informes técnico-xurídicos de cada un dos proxectos.**

**4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.**

**5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.**

**6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.**

**7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.**

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 10.55 h, de todo o que, como secretaria accidental, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria accidental Carmen López Villar e polo alcalde Juventino José Trigo Rey.